

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 6 de xuño de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Aprobación das valoracións acadadas no sobre “A”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios que precisan dun xuízo de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes co expte PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000. Expte. 2023076329*

O secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2024003368 de data 24/04/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado do **Servizo de Asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes co expte PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000.**

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24/04/2024. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- Facilita Ingeniería SL B70501317
- Proyectos y estudios técnicos de Galicia S.L. B27159730
- Letter Ingenieros S.L. B19522028
- Sertogal S.L. B32164782

Os Técnicos do Servizo de Cooperación cos Municipios, con data 3/06/2024, emitiron o correspondente informe co csv MP04HV2VFJMH75KP relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR					
	Puntuación máxima	FACILITA	LETTER INGENIEROS	PROYESTEGAL	SERTO GAL
1 Calidade técnica da memoria explicativa	19	16,5	11	13,5	3
2 Metodoloxía de toma de datos	8	5,5	4	7	1
3 Metodoloxía de comprobación de resultados	7	5,5	3	5	1
4 Metodoloxía cálculo lumínico	6	5	3,5	4	1
TOTALES	40	32,5	21,5	29,5	6

A Mesa de Contratación acorda prestar conformidade as citadas puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado e acorda excluir a empresa Sertogal por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, con base no informe dos técnicos do servizo de Cooperación cos municipios, para continuar coa licitación.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

